

Queres ser delegada ou delegado de **CCOO**?

Todas as empresas que teñan seis ou máis persoas no cadro de persoal deben elixir unha representación do persoal, isto é, delegados ou delegadas.

O número de delegados ou delegadas en cada empresa depende do seu cadro de persoal, segundo a escala que podes ver aquí:

Número de delegados ou delegadas	
N.º de traballadores ou traballadoras	Representantes
De 6 a 30	1 delegada/o de persoal
De 31 a 49	3 delegadas/os de persoal
De 50 a 100	5 compoñentes de comité
De 101 a 250	9 compoñentes de comité
De 251 a 500	13 compoñentes de comité
De 501 a 750	17 compoñentes de comité
De 751 a 1000	21 compoñentes de comité

Se ti queres ser delegado ou delegada de **CCOO** na túa empresa podes selo, pero convén que coñezas cales son:

- ➔ as túas tarefas e responsabilidades
- ➔ as túas garantías e dereitos
- ➔ os medios e apoios con que contas
- ➔ como facer para ser delegado ou delegada de **CCOO**



**sindicato nacional
de comisións obreiras
de galicia**

TAREFAS E RESPONSABILIDADES DA DELEGADA OU DELEGADO DE CCOO

1. Representar legalmente os traballadores e traballadoras da empresa diante do empresario/a ou a dirección da empresa ou centro de traballo, diante das institucións e diante do propio sindicato.
2. Defender os dereitos dos compañeiros e compañeiras.
3. Informar os compañeiros e compañeiras sobre os seus dereitos e obrigas, e sobre aqueles aspectos da marcha da empresa que lles atinxan.
4. Velar por que as condicións de traballo, as relacións laborais coa empresa, as relacións entre o persoal e o conxunto da vida laboral discorran con normalidade e nas mellores condicións para o óptimo desenvolvemento persoal e colectivo e a mellor calidade de vida dos compañeiros e compañeiras.
5. Servir de canle de comunicación, na dobre dirección, entre o persoal da empresa e CCOO, transmitindo información, canalizando apoios e axudas, facilitando información, organizando a solidariedade.
6. Solicitar a información da empresa e das institucións á que teñen dereito o persoal e mais os propios delegados e delegadas.
7. Asumir sempre as tarefas de delegada ou delegado de prevención de riscos e de saúde laboral nas empresas que teñen un só delegado ou delegada e, se for elixido, nas empresas que teñan tres representantes.

DEREITOS E GARANTÍAS DOS DELEGADOS E DELEGADAS

Os delegados e delegadas de persoal e os compoñentes dos comités de empresa son os representantes dos traballadores e traballadoras nos centros de traballo.

O Estatuto dos Traballadores recolle os dereitos e garantías destes representantes para realizaren as súas funcións sindicais e de representación.

Estes dereitos establecen claramente que os delegados e delegadas **non poden sufrir ningún tipo de discriminación** pola súa condición de representantes legais e, ao tempo, outórganselles determinadas **condicións especiais e garantías** no seu posto de traballo.

Os delegados e delegadas:

- teñen dereito a expresar con liberdade as súas opinións en materias relativas á esfera da súa representación;
- teñen dereito a publicar e distribuír, sen perturbar o normal desenvolvemento do traballo, as publicacións de interese laboral, sindical ou social;
- poden convocar reunións no centro de traballo, comunicándollos previamente á dirección da empresa;
- teñen a garantía de que **non poderán ser discriminados** na súa promoción económica ou profesional nin nas súas relacións laborais;
- teñen **prioridade para permanecer no seu posto** no caso de traslado de persoal a outro centro de traballo;
- teñen **prioridade na permanencia na empresa ou centro de traballo** con respecto aos demais traballadores ou traballadoras nos casos de suspensión ou extinción do contrato por causas tecnolóxicas ou económicas;
- **non poden ser despedidos ou sancionados por actuacións realizadas no exercicio da súa representación.** Esta garantía esténdese durante un ano após a extinción do seu mandato;
- antes de recibiren sanción por faltas graves ou moi graves, **é obrigatorio que a empresa elabore un expediente contradictorio**;
- no caso de despedimento improcedente, é o delegado ou delegada quen **exercita a opción a ser readmitido ou indemnizado**, ao contrario do que ocorrería con calquera outro traballador ou traballadora, xa que neste caso decidiría a empresa.

MEDIOS E APOIOS PARA AS DELEGADAS E DELEGADOS

Os delegados e delegadas elixidos contan con medios para exercer a súa función. Estes medios ten que llelos proporcionar a súa propia empresa ou **CCOO**.

➤ Dispoñen dun 'crédito horario' para o exercicio das súas funcións, que varía segundo o número de traballadores ou traballadoras do centro.

Créditos horarios	
N.º de traballadores ou traballadoras	Horas
De 6 a 30	15
De 31 a 49	15
De 50 a 100	15
De 101 a 250	20
De 251 a 500	30
De 501 a 750	35
De 751 en diante	40

➤ Teñen dereito a recibir información do empresario, como mínimo trimestralmente, sobre a evolución xeral do sector económico ao que pertence a empresa, a situación da produción e venda da entidade, a evolución do emprego prevista na empresa, o programa de produción, etc.

➤ Tocante á contratación, deben recibir da empresa a copia básica dos contratos que se subscriban na empresa e que debe asinar a representación dos traballadores. Igualmente, hai que lles comunicar as prórrogas e denuncias dos contratos.

➤ Poderán estar presentes, se así o solicita o traballador ou traballadora, no momento do asinamento das liquidacións.

➤ Teñen dereito a emitir informes previos á execución das decisións da empresa nas seguintes cuestións:

- o Reestruturación de cadros de persoal e destituicións totais, parciais, definitivas ou temporais.
- o Redución da xornada ou traslado, total ou parcial, das instalacións.
- o Plans de formación profesional de empresa.
- o Implantación ou revisión de sistemas de organización e control do traballo.

➤ **CCOO** garántelles e facilítalles asesoramento xurídico, laboral, económico e técnico ante calquera dúbida ou problema que se presente.

➤ **CCOO** facilítalles formación sindical para axudalos a desenvolver as súas funcións e tarefas de delegados e delegadas e formación en temas de saúde laboral.

➤ **CCOO** garántelles o apoio e a solidariedade do conxunto do sindicato e de traballadores e traballadoras doutras ramas e sectores, mobilizándose, se for preciso, no seu favor.

➤ **CCOO** garante sempre a defensa sindical e xurídica no exercicio das súas funcións e ante as consecuencias que dela puidesen derivar.

➤ **CCOO** axúdaos coa súa influencia colectiva, co seu prestixio como central sindical de clase, co seu poder sindical, coas súas relacións institucionais, políticas e sociais, coa experiencia e saberes colectivos acumulados ao longo da súa historia.

COMO HAI QUE FACER PARA SER DELEGADO OU DELEGADA DE CCOO?

Podes facer o seguinte:

1. Pórte en contacto con alguén de **CCOO** na túa propia empresa: un delegado ou delegada, alguén da sección sindical de CC OO (se está organizada na túa empresa), algún membro do comité que pertenza a **CCOO** ou simplemente calquera persoa que coñezas e saibas que está afiliada a **CCOO**. Estas persoas facilitaránche a información inicial que precisas ou porante en contacto co sindicato.
2. Dirixirte por teléfono, correo electrónico ou persoalmente a calquera dos locais que **CCOO** ten por toda Galicia, dos que che facilitamos os datos unhas liñas máis abaixo.
3. Se recibiches formación nalgunha aula de FOREM, dirixete aos monitores ou persoal desta entidade para que te poñan en contacto con **CCOO**.
4. A través da nosa páxina web, <http://www.galicia.ccoo.es>

Consulta cal é o local de CCOO máis preto de ti

U. C. da Coruña

Avda Alfonso Molina, km 2, 3.ª
Edificio de Sindicatos
15008 - A Coruña
Tel.: 981 145 197 - Fax: 981 145 899
ucoru@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Betanzos:

Av. Coruña, s/n
15300 - Betanzos (A Coruña)
Teléfono: 981 77 2 471

Local Sindical de Cee

Rúa Campo do Sacramento, 69
15270 - Cee (A Coruña)
Teléfono e fax: 981 746 930
lscee@galicia.ccoo.es

U. C. de Ferrol

R/ María, 42-44
15402- Ferrol
Tel.: 981 369 300 - Fax: 981 350 353
ucferrol@galicia.ccoo.es

Local Sindical das Pontes:

Rúa da Capela, 2
15320 - As Pontes (A Coruña)
Teléfono/Fax: 981440 321
lsaspontes@galicia.ccoo.es

U. I. de Santiago-Barbanza

R/ Miguel Ferro Caaveiro, n.º 8
15707 - Santiago (A Coruña)
Tel.: 981 551 818 - Fax: 981 551 811
ucstgo@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Barbanza:

r/ Xeneral Franco, 64-66, 3.º Esq.
15960 - Ribeira (A Coruña)

Teléfono: 981 872 413
Fax: 98 -871 081
ucbarba@galicia.ccoo.es

U. C. da Mariña

R/ García Doriga, s/n
27850 Viveiro
Tel.: 982 561 001- Fax: 982 570 667
ucamari@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Burela:

r/ Emilia Pardo Bazán, 5 - Entrechán
Edif. Porches-2
27880 - BURELA (Lugo)
Teléfono: 982-58.57.32
Fax: 982-58.57.24
lsburela@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Ribadeo:

Avda. de Galicia, s/n, 3.º
27700 - RIBADEO (Lugo)
Teléfono/Fax: 982-13.05.06
lsribadeo@galicia.ccoo.es

U. C. de Lugo

R/Ronda da Muralla, 58
27002 - Lugo
Tel.: 982 231 975 - Fax: 982 245 907
uclogo@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Monforte:

r/ Roberto Baamonde, s/n
27400 - Monforte (Lugo)
Teléfono/Fax: 982 401 518
lsmonforte@galicia.ccoo.es

U. I. de Ourense

R/Parque de San Lázaro, 12-3.º
32003 - Ourense
Tel.: 988 391 727 - Fax: 988 251 400
ucoure@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Verín:

Av. de Portugal, 3-5
32600 - Verín (Ourense)
Teléfono: 988 410 641
lsverin@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Xinzo:

r/ Toural, s/n
32630 - Xinzo de Limia (Ourense)
Teléfono: 988 462 510

Local Sindical de Valdeorras:

Praza de España, 2 - Baixo Esq.
32300 - O Barco (Ourense)
Teléfono: 988-32.20.34
Fax: 988 325 159
ucvalde@galicia.ccoo.es

Local Sindical do Carballiño:

r/ Martínez Avellanosa, 14 - 1.º
32500 - O Carballiño (Ourense)
Teléfono: 988 275 360
lscarballeiro@galicia.ccoo.es

U. C. de Arousa

r/Alexandre Bóveda, 2-2.º
36600- Vilagarcía
Tel.: 986 502 000 - Fax: 986 511 044
ucarousa@galicia.ccoo.es

Local Sindical do Grove:

r/ Dr. Luis Casais, s/n - 2.º Esq.
36980 - O Grove (Pontevedra)
Teléfono/Fax: 986 732 618

U. C. de Pontevedra

R/Pasantería, 1-2.º
36002- Pontevedra
Tel.: 986 866 276- Fax: 986 869 784
ucpont@galicia.ccoo.es

Local Sindical de Lalín:

r/ Xaquín Loriga, 29 - Entrechán
36500 - Lalín (Pontevedra)
Teléfono/Fax: 986 782 437
lsalain@galicia.ccoo.es

U. C. de Vigo

As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia)
36212 - Vigo
Tel.: 986 246 800 - Fax: 986 246 587
ucvigo@galicia.ccoo.es

Local Sindical da Guarda:

r/ Concepción Arenal, 44
36780 - A Guarda (Pontevedra)
Teléfono: 986 611 186
lsaguarda@galicia.ccoo.es

Local Sindical do Porriño:

r/ Atarela, 2. Casa Sindical
36400 - O Porriño (Pontevedra)
Teléfono: 986 331 962
lsporriño@galicia.ccoo.es